




SERRA DO FARELO

Adela Leiro, Mon Daporta
maio 2022



Distancia: 10 km (lineal)

Dificultade: media (fortes pendentes)



Cume do Farelo

Unha camiñada por unha das serras da Dorsal Galega, a que fai linde natural entre os concellos de Agolada (Pontevedra) e Antas de Ulla (Lugo), para gozar da paisaxe, das panorámicas -da Ulloa, ao leste, do Deza, ao oeste, e, ao norte, ata a Terra de Melide-.

A Serra do Farelo esténdese con orientación NO-SE entre o nordeste da provincia de Pontevedra e o suroeste da de Lugo, unida á serra do Faro pola serra das Cabezas.

É unha sucesión de relevos suaves formada por granito de dúas micas e migmatitas na parte norte e pelitas e migmatitas na oriental. A máxima altura é O Farelo, con 956 m.

Na vertente leste nacen varias cabeceiras do Ulla.



Vista sur do Farelo

PERCORRIDO

Facemos o achegamento polo sur, para levar o sol ás costas e ter por diante a paisaxe coa luz a favor.

Vindo desde Agolada, pola estrada que vai a Rodeiro chegamos á **Ventosa**, onde hai que parar para gozar do contido da súa igrexa románica, e á saída do lugar collemos un desvío á esquerda, sinalizado a Monte. Unha estradiña lévanos alí, onde se atopa a **capela de San Silvestre**, e seguindo pola esquerda deixamos atrás a localidade e remata o asfalto, pero a pista, de bo firme, lévanos ao lombo da serra onde comezamos a camiñada. Vindo desde Antas de Ulla por Areas, e desviándonos na Somoza, subimos ao mesmo sitio.

Primeiro achegámonos aos cumes de máis ao sur, dos que destaca o **Pico Pequeno**, desde onde temos panorámicas da serra do Faro e as áreas da contorna, e volvemos ao punto de partida para enfrontarnos á travesía que arranca coa subida ao pico que lle da nome á serra, que tamén é o punto máis elevado da mesma. Para iso seguimos o trazado da pista de servizo do parque eólico, ampla e cómoda, ata chegarmos ao vértice xeodésico e ao **miradoiro** que hai ao seu pé, miradoiro ao que por certo non sei quen privou, e privounos a todos, do mural que o acompañaba. Entre o vértice e o miradoiro hai un camiño-carreiro-cortalumes que se bota monte abaixo para perder uns 150 m de altitude, antes de remontar un pouco no **Farelo Pequeno**, para seguir baixando de novo, outros 150 m, ata chegar á estrada N-640, no **alto do Marco**, xusto de fronte dun sinal, marco de estrada, que indica o linde das provincias de Lugo e Pontevedra. Alí cruzamos, para circular pola esquerda da estrada un cento de metros cara a Antas de Ulla, e deixámola para entrar de novo no camiño-cortalumes, límite entre as provincias que segue a liña dos cumes, e por el imos gañando altura, uns 100 m, para chegar ao **Pico Longo**, desde onde vemos por diante o resto do traxecto, unha lomba que paseniñamente vai perdendo altura mentres a gañan os eucaliptos.

Entre o Pico Longo e a Pena Porrosa atópanse, á esquerda do camiño, varias formacións rochosas con elementos e formas curiosas -pedras con pías e pedras en equilibrio- entre as que destaca a que se atopa ao pouco de pasar a antena.

Despois os eucaliptos, que cada vez chegan máis arriba, fan desaparecer o mato e a vexetación de monte, e deixamos de camiñar por espazos abertos para facelo entre plantacións ata que chegamos á estrada que vai de Borraxeiros ao Castro de Amarante, onde damos por rematada a andaina. O río Ulla, que sería o punto final e límite natural da serra, aínda está lonxe uns 3 km.



Detalle do interior da igrexa da Ventosa (Agolada)



Gando e vexetación autóctona nas abas da serra



Pico Pequeno



Monte, nas abas do Farelo



Miradoiro no alto do Farelo. Panorámica da Ulloa.



Vista desde o Pico Longo



Cume do Farelo



Pena en equilibrio no Pico Longo



Rochas graníticas.



Desde os cumes do Farelo hai unhas boas vistas sobre as serras limítrofes e as comarcas do Deza e A Ulloa.



Uvas de lagarto (*Sedum*), pequenas plantas de follas carnosas que se instalan sobre as rochas aproveitando o pouco solo que forman os brións e líques ao descompolas.



Toxo

Xestas brancas